

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de Interpretación
DISCIPLINA	Interpretación VI
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Xestual
CURSO	3º (2º cuatrimestre)
CRÉDITOS ECTS	5
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Alfonso Rodríguez
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Ricardo Solveira Díaz</p> <p>Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/</p> <p>Despacho: D2</p> <p>Contacto: ricardosolveira@edu.xunta.es</p>
DESCRIPCIÓN	Análise e estudo sistemático, nunha perspectiva práctica e teórica, da técnica actoral, dos procedementos e recursos expresivos e dos procesos psicofísicos do/da actor/actriz.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Recoméndase ter cursado Interpretación I, II, III, IV y V
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X Castelán X Inglés X
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE TITULACIÓN	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade ós cambios culturais, sociais e artísticos e ós avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar os cauces adecuados de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.

X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.	
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.	
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.	
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE		
EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.	
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretar lo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.	
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.	
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		
COMPETENCIAS VINCULADAS		
1. Ampliar os recursos expresivos, interpretativos e creativos do estudante a través dunha análise do movemento aplicado ao xogo actoral.	T1, T8, T11, X5,X8, EI1, EI2	
2. Desenvolver o nivel pre-expresivo a partir da gradación do uso da enerxía e a súa irradiación en escena.	T1, T3, T6, T15, X3, X4, EI1, EI2	
3. Comprender os principios do deseño corporal a partir da articulación e segmentación corporal en planos e eixes.	T1, T3, T8, T15, T16, X3, X5, EI1, EI2, EI3	
4. Descubrir a intensidade corporal por medio do uso dos esforzos humanos aplicados aos distintos niveis de tensión nunha situación dramática.	T1, T3, T11, T16, X3, X4, EI1, EI2	
5. Comprensión dos principios do corpo no espazo e do funcionamento do coro escénico en relación á escoita e atención escénica así como ao sentido compositivo Grupal	T3, T9,T11, T16, X3, X4, X6, EI1, EI3	
6. Desenvolvemento do sentido de xogo escénico en relación á improvisación e aos procesos de creación	T3, T7, T10, T11, T12,T15, T16, T17, X3, X5, X7, EI1, EI2, EI3, EI5	
7. Aplicación práctica das nocións fundamentais relacionadas coa dramaturxia actoral escena.	T1, T2,T3, T8, T11, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, EI1, EI2, EI3	
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	HORAS
1. A construción do personaxe	1.1 Ferramentas corporais para a creación do personaxe. - Deseño corporal - Desprazamentos - Focos expresivos - Calidades de movemento 1.2 Composición do personaxe	24

	1.3 Integración do personaxe nun contexto dramático	
2. Composición xestual	2.1 Relación do corpo co espazo 2.2 Relación do corpo co tempo. Ritmo espacial. Formas musicais 2.1 Xesto e movemento 2.2 Construción de partituras de movemento.	24
3. Teatro do movemento	3.1. A narrativa e metáfora corporal 3.2 Emoción e movemento 3.3 Introducción a diferentes estilos do teatro do movemento.	12
4. Proxecto escénico	4.1 Creación dunha proposta escénicas a través dos conceptos aprendidos no curso	75
TOTAL SESIÓNS		135

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	5		5
Exposición maxistral	2		2
Exposición práctico-teórica	10		10
Práctica individual	20	10	30
Práctica colectiva	40	1	41
Obradoiro	40	1	41
Seminarios	2		2
Actividades complementarias		1	1
Outros		1	1
Titorías individuais		1	1
Titorías de grupo	10		
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	3		3
Actividades de avaliación. Revisión	1		1
TOTAL	135	15	150
PORCENTAXE	90%	10%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, así como a presentar a materia
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Presentacións/exposicións	Presentación e exposición por parte dos alumnos ante o docente e o resto do grupo de estudantes dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar

	acabo de maneira individual ou en grupo.	
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes e docente. Pode centrarse nun tema dos contados da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente.	
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións dos exercicios de forma autónoma.	
Prácticas escénicas	O estudante desenvolver as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión na área das artes escénicas	
Proxectos integrados	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais. Aprendizaxe colaborativa. Enfoque interactivo de organización do traballo na aula no cal o alumnado é responsables da súa aprendizaxe e da dos seus compañeiros nunha estratexia de corresponsabilidade para acadar metas e incentivos de grupo.	
Titoría docente	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, coordinación de traballos, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo un análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística da forma mais adecuada.	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8. 1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Observación sistemática Asistencia e participación en clase.	T1,T3, T6,T8,T9,X3, X5, X6,EI1,EI2	40%
Presentacións.	T1,T2,T3,T8,T10,T11,T15,X5,X6,EI1,EI2,EI3,EI5	20%
Mostra	T3, T7, T9,T12, T13T15,T9, X5, X7,X8,EI1,EI3, EI2	30%
Probas de autoevaluación Cartafol. Memoria de Aula.	T6, T7,T8,T11, T15, T16, T17,X3, X4	10%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	T1,T2,T3, T6,T8, X5, X6, X8	40%
Presentacións.	T1,T2,T3,T8,T10,T11,T15,X5,X6,EI1,EI2,EI3,EI5	20%
Mostra	T3, T7, T9,T12, T13T15,T9, X3,X5, X7,X8,EI1,EI3, EI2, EI5	30%
Probas de autoevaluación Cartafol. Memoria de Aula.	T7,T8,T11, T15, T16, T17,X3, X4, X7	10%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	Descrición	
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	T1,T2,T3, T6,T8, X5, X6, X8	40%

Presentacións.	T1,T2,T3,T8,T10,T11,T15,X5,X6,EI1,EI2,EI3,EI5	20%
Mostra	T3, T7, T9,T12, T13T15,T9, X3,X5, X7,X8,EI1,EI3, EI2, EI5	30%
Probas de autoevaluación Cartafol. Memoria de Aula.	T7,T8,T11, T15, T16, T17,X3, X4, X7	10%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS:

BROOK, Peter (1998) *El Espacio Vacío, Arte y Técnica del Teatro*, Barcelona: Península.
 CHEJOV, Michael (1999). *Sobre la técnica de actuación*, Barcelona: Alba Editorial.
 LECOQ, Jacques (2003) *El Cuerpo Poético*, Barcelona: Alba Editorial.
 OIDA, Yoshi (1997) *The invisible actor*, London: Methuen
 RIVERA, Alfonso (2017). *El camino del actor a través del entrenamiento psicofísico*. Madrid: Ed. Antígona.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS:

BARBA, Eugenio (1994). *La canoa de papel*. Buenos aires: Catálogos.
 BOGART, Anne (2007). *Puntos de vista escénicos*. Madrid: ADE.
 JOHNSTONE, Keith (1990). *Impro. Improvisación y el teatro*. Santiago de Chile: Editorial Cuatro Vientos.
 OIDA, Yoshi y MARSHALL, Lorna (2010). *Los trucos del actor*. Barcelona: Alba Editorial.
 RIVERA, Alfonso (2019). *Teatro físico: La revolución de las formas*. Madrid: Fundamentos.
 RUIZ, Borja (2008). *El arte del actor en el siglo XX*. Bilbao: Artezblai.
 TORRES, Javier de (1999). *Las mil caras del mimo*. Madrid: Editorial Fundamentos.
 ZARRILLI, Philip (2009). *Psychophysical Acting; an Intercultural approach after Stanislavski*, New York: Routledge.

10. OBSERVACIONES / RECOMENDACIONES

A materia de Prácticas de Interpretación estará vinculada e traballarase desenvolvendo de forma práctica os contidos técnicos específicos abordados na súa correlativa materia de Sistemas de Interpretación.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1. Desenvolver un adestramento do/a actor/actriz xestual.

Competencias: X3

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 2. Afondar no proceso da creación do personaxe.

Competencias: X5, X6

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 3. Análise e creación cara á composición escénica.

Competencias: T3, X7, EI2

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 4. Análise dos diferentes estilos na interpretación xestual.

Competencias: T2, T11, T15, T16, X8, EI5

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 5. O proceso creativo cara a creación dun proxecto escénico.

Competencias: T1, T6, T8, T12, T13, T17, EI1, EI3

Ponderación: 20%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).